

DECRETO DE ALCALDÍA

Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno

A Corporación municipal, na sesión organizativa celebrada o día 12 de xullo de 2019, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias do Pleno do Concello, que deberán celebrarse cada dous meses, o 4º venres dos meses impares, ás 20:30 horas (oito e media do serán).

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **24 DE XULLO DE 2020 (VENRES), ás 20:30 horas (OITO E MEDIA DO SERÁN)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1	<p>PARTE RESOLUTIVA</p> <p>1.1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:</p> <ul style="list-style-type: none">- ORDINARIA: núm. 2020/1, do 31 de xaneiro de 2020<input type="checkbox"/> ORDINARIA: núm. 2020/4, do 22 de maio de 2020<input type="checkbox"/> EXTRAORDINARIA: núm. 2020/6, do 15 de xuño de 2020 <p>As actas incluídas no presente punto para a súa aprobación serán achegadas xunto coa presente convocatoria.</p> <p>1.2.- RATIFICAR E TOMAR COÑECEMENTO DOS DECRETOS DO ALCALDE NÚM. 370/2020 DO 27/05/2020 DE PARTICIPAR NO POS+ADICIONAL 1/2020, PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 E O DECRETO DO ALCALDE NÚM. 382/2020 DO 29/05/2020, QUE CORRIXE E RECTIFICA OS ERROS ATOPADOS NO DECRETO NÚM. 370/2020 DO 27/05/2020.</p> <p>1.3.- INCORPORACION ÁS ACTAS DAS SESIÓN/S PLENARIAS DO ARQUIVO AUDIOVISUAL DA SESIÓN</p> <p>1.4.- TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 10/2020: "MELLORA DE INFRAESTRUTURA DO PARQUE EMPRESARIAL PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE SANTA COMBA. REPARACIÓN E POSTA EN MARCHA DA EDAR DE BRAÑA RICA"</p> <p>1.5.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA O ESTABLECEMENTO E ORDENACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA EMISORA DE RADIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTA COMBA PARA A EMISIÓN DE ANUNCIOS PUBLICITARIOS.</p> <p>1.6.- MOCIÓNS</p>
---	---

2	<p>PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)</p> <p>2.1.- MOCIÓNS</p> <p>2.2.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA: do 333/2020, do 8 de maio de 2020 ata o 549/2020, do 10 de xullo de 2020 (ambos inclusive); ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS: núm. 2020/10, do 12 de xuño de 2020 e núm. 2020/11, do 26 de xuño de 2020; e EXTRAORDINARIA: núm. 2020/12, do 15 de xullo de 2020.</p> <p>2.3.- ROGOS E PREGUNTAS</p>
---	--

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Concello Pleno para a súa aprobación:

APELIDOS E NOME	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
BARBEIRA GARCÍA, DAVID	Grupo mixto (CxG)	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
POSE RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ESPASANDÍN TURNES, MARÍA ESTHER	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CANCELA BLANCO, SILVIA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
GARCÍA SUÁREZ, JOSÉ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
IGLESIAS MOURO, MANUEL ANDRÉS	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RODRÍGUEZ TORREIRA, JOSÉ MANUEL	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO

UCHA VELO, JOSÉ ANTONIO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
FAJÍN BARREIRO, CRISTINA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
TURNES ROMERO, CARLOS	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RUZO BLANCO, BLANCA MARÍA CARMEN	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ESPASANDÍN MARTÍNEZ, JOSÉ MARÍA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANTELO ÁLVAREZ, JESSICA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba,
O alcalde

David Barbeira García

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada